

BASES PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DOS SOCORRISTAS PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA O ANO 2018.

PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O Concello de Salvaterra de Miño presentou solicitude ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación de traballadores desempregados, acolléndose a convocatoria da Orde do 12 de decembro de 2017 de “axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018” autorizándose a contratación anticipada de 2 traballadores/as para os postos de socorristas das Piscinas municipais.

A contratación será de carácter laboral e temporal (na modalidade de obra ou servizo determinado de interese social), a tempo completo durante 2 meses(1 de xullo a 31 de agosto). As retribucións serán as establecidas polo convenio colectivo de aplicación correspondendolles **1161,34€** brutos mensuales.

O sistema de selección será o de concurso.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.


O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte no proceso de selección será necesario reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas:

Requisitos xerais:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse o eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou




psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.

- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Requisitos específicos:

- Ser desempleado inscrito no Servizo público de Emprego de Galicia como demandante demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
 - Ser convocado pola Oficina de Emprego de Pontearreas mediante notificación dese organismo.
 - Titulación requerida: Estar en posesión do nivel de titulación mínima da ESO.
 - Deberán figurar inscritos no Rexistro de Socorristas Acuáticos de Galicia dacordo co Decreto 1047/2012, do 16 de marzo e presentar acreditación de formación específica como socorrista acuático e cumprir co disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia.(DOG nº 67 do 9/04/2012).
- Dacordo co establecido no Artigo 14.2) da Orde do 12 de decembro de 2017 *pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016*, os traballadores e as traballadoras que fosen contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2016 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.
- Dacordo co Artigo 14.5), da Orde do 2 de maio de 2017, terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:
- 1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
 - 2) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
 - 3) Persoas paradas de longa duración.



**CONCELLO
DE
SALVATERRA DE MIÑO**

Praza da Constitución, nº1
36450 – Salvaterra de Miño
PONTEVEDRA

Teléfonos: 986 65 81 26 - 986 65 80 82
Fax: 986 65 83 60 CIF: P 3605000 C
mail: rexistro@concellodesalvatererra.org
www.concellodesalvatererra.org



- 4) Persoas con discapacidade.
- 5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- 6) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato de interese social.

CUARTA-SISTEMA DE SELECCION

O Concello de Salvaterra de Miño solicitará alomenos cinco candidatos por posto mediante presentación da correspondente oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ponteareas, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán.

A Oficina de Emprego de Ponteareas notificará aos candidatos preseleccionados a oferta de emprego e nesta notificación achegaralle información da documentación que se presentará no Concello.


A Oficina de Emprego de Ponteareas remitirá ao Concello de Salvaterra de Miño un informe con tódolos candidatos propostos e notificados, que será trasladado ao Tribunal de selección.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

QUINTA – DOCUMENTACION E PRESENTACION DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. Darase un prazo límite de 2 días hábiles (o día en que sexan convocados pola Oficina de Emprego e outro día máis), para presentar a documentación requerida e poder participar no proceso selectivo. O horario de presentación de documentación de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas.

Xunto coa instancia deberán presentar a seguinte documentación:



CONCELLO
DE
SALVATERRA DE MIÑO

Praza da Constitución, nº1
36450 – Salvaterra de Miño
PONTEVEDRA

Teléfonos: 986 65 81 26 - 986 65 80 82
Fax: 986 65 83 60 CIF: P 3605000 C
mail: rexistro@concellodesalvatererra.org
www.concellodesalvatererra.org



- Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Certificado de períodos de inscrición como demandante de emprego.
- Acreditación de estar en posesión da titulación esixida para o posto ao que se opta. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite a súa homologación.
- Solicitude. Anexo I
- Relación de méritos que alega e documentación **xustificativa e compulsada** de cada un deles.
- Anexo II. Declaración xurada

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

Toda a documentación achegada en copia deberá presentarse compulsada.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución coa lista provisional de admitidos e excluídos. Esta resolución será publicada no Taboleiro de anuncios do Concello, facendose constar o motivo da exclusión e concederá un prazo de 1 día hábil para que os interesados podan formular reclamacións ou enmendar os defectos que motiven a exclusión. No mesmo listado incluírase o lugar e a data da proba da entrevista.

Finalizado o prazo de reclamacións ou enmendas, e resoltas as mesmas, elevarase a definitiva a lista de admitidos e excluídos e baremados os méritos o Tribunal fará pública a lista de aspirantes seleccionados e non seleccionados.


QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e tres vocais).

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación cá esixida ós aspirantes ás praza convocada.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde,



cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, este último con voz e voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do tribunal determinada polo Señor Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

SEXTA – FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DO CONCURSO

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

a) Por ter asistido a **Cursos** en materias directamente relacionadas coas funcións propias das prazas. A puntuación máxima neste apartado será de **2 puntos**. Valoraránse os cursos impartidos por calquera organismo competente, relacionados coa praza á que aspira:

- o Cursos de ata 25 horas: 0,10 puntos por curso
- o Cursos de 26 a 50 horas: 0,20 puntos por curso
- o Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos por curso
- o Cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos por curso
- o Cursos ou xornadas nos que non veñan especificados o nº de horas: 0,05 puntos por curso ou xornada

b) Acreditación do grado de coñecemento de **Galego**:

- 1) Curso de lingua galega 2 ou CELGA 2 (validable por EXB): 0,10 puntos.
- 2) Curso de lingua galega 3 ou CELGA 3 (validable por ESO ou FPI) : 0,20 puntos
- 3) Curso de lingua galega 4 ou CELGA 4 (validable por BUP ou FPII) : 0,50 puntos

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación. A puntuación máxima neste apartado será de **0,50 puntos**.



d) Experiencia Profesional

- Por cada mes de traballo en posto similar: 0,10 puntos por mes.

Non se computarán as fraccións de mes. A puntuación máxima neste apartado será de **2 puntos**. Deberán presentarse para a acreditación destes méritos copias dos contratos e vida laboral actualizada.

e) **Circunstancias persoais:** no artigo 12 da orde do 12 de decemebro de 2017, relacionanse os criterios que, entre outros que poida establecer o Concello, se teñen que ter en conta, no procedemento de selección:

1. *Nivel de protección por desemprego:* **máximo 0,20 puntos**, en razón de 0,10 puntos por cada 6 meses en situación de desemprego. Acreditarse mediante certificado de períodos de inscrición emitido pola Oficina de Emprego.
2. *Menores de 30 anos e maiores de 45 anos:* **0,10 puntos**.
3. *Mulleres, en especial vítimas de voplencia :***0,10 puntos**
4. *Condición de discapacidade superior ou igual ao 33% :* **0,10 puntos**
5. *Existencia de responsabilidades familiares* cun **máximo de 2 puntos**, e entendéndose por éstas, ter a cargo da persoa desempregada e sen percibir ningún tipos de ingresos: o/a cónxuxe, fillo/as menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as. Valorarase, 0,50 puntos por cada persoa ó seu cargo, previa acreditación documental.

Os méritos incluídos neste apartado deberán xustificarse achegando fotocopias do libro de familia, xustificante de convivencia expedido polo Concello e calquera outra documentación que acredite a existencia destas responsabilidades.

SETIMA.- Tódolos candidatos deberán realizar unha **entrevista** cos membros do Tribunal na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver, valorándose de **0 a 3 puntos**.

OITAVA – DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final. Esta será a suma da puntuacións obtidas no Concurso, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que leve máis tempo en situación de desemprego


No caso de que un/ha candidato/a que se presente a máis dun posto, renuncie a un deles, entenderase que renuncia a tódolos demais . A renuncia dun candidato/a a un posto, debe ser por escrito e pasa a ser seleccionado o seguinte candidato con maior puntuación presentado. No anuncio de selección facerase constar a lista de aguarada.



**CONCELLO
DE
SALVATERRA DE MIÑO**

Praza da Constitución, nº1
36450 – Salvaterra de Miño
PONTEVEDRA

Teléfonos: 986 65 81 26 - 986 65 80 82
Fax: 986 65 83 60 CIF: P 3605000 C
mail: rexistro@concellodesalvatererra.org
www.concellodesalvatererra.org



O Tribunal, á vista dos resultados e puntuacións totais, propondrá ó órgano competente a contratación dos/as aspirantes que obtivesen as maiores puntuacións sen que, en ningún caso, poida superar o número de propostos/as o das prazas convocadas.

O acordo que adopte o órgano competente será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no punto anterior, o acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación. O contrato será formalizado de acordo coa normativa laboral de aplicación.

NOVENA – INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e ós/ás aspirantes que participen no proceso. O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DECIMA – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Do mesmo xeito, a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.

O Alcalde

ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE